

CPI Plurilingüe Tomás de Lemos

Reunión coas familias
23 de outubro de 2012

CPI Plurilingüe Tomás de Lemos

- Información sobre a páxina web
 - <http://www.edu.xunta.es/centros/cpitomaslemosribadavia>
- Información sobre o calendario escolar
 - <http://www.edu.xunta.es/web/calendarioescolar>
- Horario de atención ás familias por parte do profesorado
 - <http://www.edu.xunta.es/centros/cpitomaslemosribadavia/node/125>

CPI Plurilingüe Tomás de Lemos

- Plan lector e fomento da lectura
 - Creación das bibliotecas de aula
 - Proposta de lecturas relacionadas coas diferentes materias
 - Emprego da biblioteca (ou das TIC) para o desenvolvemento dunha unidade didáctica ao longo do curso
 - Colaboración co horario de lectura
 - Colaboración co club de lectura

CPI Plurilingüe Tomás de Lemos

■ Elementos das aulas Abalar

- <http://www.edu.xunta.es/web/node/1499>

■ Uso das aulas Abalar (1º e 2º de ESO)

- Protocolo aprobado polo Consello Escolar:

<https://docs.google.com/open?id=0B28JR0fEwc6kaS1YajFua3BUdDA>

PROMOCIÓN

- Os alumnos poderán promocionar con tres materias suspensas cumprindo os seguintes requisitos
 - Que non teñan abandonado en ningunha delas
 - Se unha das tres é dobre (Física – Química/ Bioloxía – Xeoloxía) non promociona.
 - Se a nota media das tres suspensas é igual ou superior a 3.5

TITULACIÓN

Crterios xerais do centro:

A) Unha materia suspensa: que non teña **abandonado**

B) Dúas materias suspensas, sempre: que non haxa abandono en ningunha delas.

B.1-Dúas materias suspensas en 4º curso: que a media

das dúas sexa igual ou superior a 3,5.

B.2- Se unha delas é de 4º curso e a outra de outro

curso aplicarase o criterio anterior.

C) Con dúas materias pendentes de cursos anteriores non titula

D) 3 suspensas :non titula en ningún caso.

ABANDONO

CRITERIOS

- Considérase abandono da área ou materia cando un alumno incorre **simultaneamente** na maioría das seguintes circunstancias:
 - Non traer o material necesario para o desenvolvemento das actividades de clase.
 - Negarse, ou non facer as tarefas de clase ou non participar nas actividades propostas.
 - Falta de actitude/ pasividade na clase.
 - Presentación de probas en branco ou cun contido tan escaso que faga supoñer que dita persoa non preparou a materia.
 - Poñer de manifesto un alto nivel de absentismo (segundo o R.R.I) que faga imposible a avaliación continua do proceso de ensino – aprendizaxe.

ABANDONO TRÁMITES

O profesorado deberá comunicar esta situación á familia, ao longo do curso (a través do documento establecido para tal feito), as circunstancias que están levando ao alumnado a incorrer nesa consideración de abandono co obxectivo de corrixir dita actitude.

Á FAMILIA

como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as

ou pupilos/as, correspóndelles:

- Adoptar as medidas necesarias, ou solicitar a axuda correspondente en caso de dificultade, para que os seus fillos ou pupilos cursen as ensinanzas obrigatorias e asistan regularmente a clase.
- Proporcionar, na medida das súas dispoñibilidades, os recursos e as condicións necesarias para o progreso escolar.
- Estimularos para que leven a cabo as actividades de estudio que se lles encomenden.
- Participar de maneira activa nas actividades que se establezan en virtude dos compromisos educativos que os centros establezan coas familias, para mellorar o rendemento dos seus fillos.
- Respectar o traballo do profesorado e do alumnado.
- Contestar coa súa presenza ou por escrito, segundo corresponda, ós avisos do centro educativo.

Á FAMILIA

como primeiros responsables da educación dos seus fillos ou

pupilos, correspóndelles:

- Interesarse pola marcha educativa e comportamento dos seus fillos/as, persoándose no centro para entrevistarse co titor/a ou profesores/as correspondentes.
- Equipar ós seus fillos/as co material didáctico e curricular solicitado polo profesorado.
- Realizar as visitas no horario lectivo establecido para non entorpecer a labor educativa e docente de alumnos/as e profesores/as.
- Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas.

NORMAS DE CONVIVENCIA

- 1. As entradas, saídas e cambios de clase faranse con orde, evitando carreiras, aglomeracións e berros.**
- 2. O alumnado non poderá entrar dentro das dependencias do centro antes da hora de entrada a clases sen permiso.**
- 3. Estarán totalmente prohibidas as saídas do colexio e recinto escolar por parte do alumnado durante o horario lectivo. Se algún pai, nai ou titor/a legal quixera dar un recado a un alumno/a ou profesor/a en horas de clase dirixirse ao conserxe ou a un profesor/a dispoñible nese momento. Só se permitirá a saída nos seguintes casos:**
 - Cando exista xustificación ou solicitude escrita do seu pai, nai ou titor/a legal (para o alumnado do 2º e 3º ciclo de E. Primaria e da E.S.O).**
 - Cando o pai, nai ou titor/a legal veñan buscalos e llo comuniquen ao titor/a ou ao profesor/a que estea nese momento co estudante. Ademais cubrirá unha solicitude que lle facilitarán en conserxería ou secretaría no colexio da concentración, e na propia aula no colexio da alameda, para que quede constancia da saída do mesmo.**
- 4. Asistir a clase con puntualidade.**

NORMAS DE CONVIVENCIA

- 5. Calquera saída da aula por parte do alumnado deberá ser autorizada polo profesor/a que nese momento imparta a docencia, debendo deixar constancia no parte da aula.**
- 6. Calquera falta de asistencia inxustificada será comunicada, telefonicamente ou por correo certificado, no prazo máis breve posible aos pais, nais ou titores/as legais do alumnado.**
- 7. O alumnado non poderá entrar nas aulas que non sexan as súas, sen permiso expreso dun profesor/a.**
- 8. Se o alumnado non asiste ás actividades complementarias e/ou extraescolares, deberá asistir a clase e de non facelo deberá xustificar a súa ausencia.**
- 9. O ton da clase será normal sen golpes nin berros tanto en presenza do profesor/a como se este/a se ausentara ocasionalmente na aula e respectarase o traballo e estudio dos compañeiros/as.**
- 10. Durante os cambios de clase o alumnado deberá permanecer dentro da aula coa orde debida, sen saír aos corredores ou outras aulas.**

NORMAS DE CONVIVENCIA

- 11. Deberase acudir as clases co material requerido para cada materia.**
- 12. Queda terminantemente prohibido utilizar durante as clases material ou obxectos que poidan ser causa de distracción: teléfonos móbiles, equipos de música, xogos de azar, videoconsolas, revistas...**
- 13. Durante os recreos o alumnado non poderá permanecer nas aulas ou corredores sen permiso expreso dun profesor/a e baixo a responsabilidade e vixilancia do mesmo/a. Nas saídas tanto dos recreos como ao final da xornada o profesor/a será o último en abandonar a aula e xunto con un alumno/a responsable apagará as luces e pechará as fiestras.**
- 14. Só se poderá comer e beber no horario do recreo e nos espazos destinados a tal fin.**
- 15. O alumnado non poderá circular dentro do recinto escolar con ningunha clase de vehículo.**

NORMAS DE CONVIVENCIA

- 16. Está totalmente prohibido traer tabaco e calquera tipo de bebida alcohólica e droga ao centro.**
- 17. O comportamento no recinto escolar e dependencias do centro así como no transporte escolar e durante as actividades complementarias e/ou extraescolares deberá ser correcto, respectando en todo momento, ao profesorado, alumnado, persoal non docente e calquera outra persoa que se atope no centro, así como as súas pertenzas:**
- 17 a) Non se permitirán insultos nin expresións lesivas á dignidade e integridade das persoas.**
 - 17 b) Non se permitirán agresións nin pelexas, patadas, empurróns, lanzamentos de obxectos...**
 - 17 c) Cando o alumnado sexa amoestado por calquera persoa autorizada do centro debe acatar ó momento a corrección, aínda que despois sexa revisada a situación.**
 - 17 d) O alumnado debe coidar e utilizar correctamente os bens mobles e as instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.**

NORMAS DE CONVIVENCIA

- 18. Manterase limpa e ordenada a aula sen papeis ou calquera outro obxecto, así como os patios, pasillos e corredores.**
- 19. O aseo persoal será norma imprescindible por hixiene e respecto ós demais membros da comunidade educativa.**
- 20. Débese respetar a liberdade de conciencia, conviccións relixiosas e morales así como a dignidade, integridade e intimidade de todos os membros da comunidade educativa.**

HORARIO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- ATENCIÓN ÁS FAMILIAS
 - MARTES, DE 9:30 Á 10:20 É DE 11:30 Á 12:40 HORAS
 - VENRES, DE 9:30 Á 10:40 HORAS
- ATENCIÓN DIRECTA AO ALUMNADO
 - LUNS, 1º RECREO
 - MÉRCORES, 1º RECREO
 - XOVES, 1º E 2º RECREOS
 - VENRES, 2º RECREO